



Concello de Castroverde

FUNCIONAMENTO DO PROGRAMA DE MADRUGADORES 26/27

O programa de madrugadores está ofertado para o alumnado do C.P.I Plurilingüe de Castroverde durante todo o período escolar co obxectivo de que as familias poidan conciliar mellor a vida laboral coa familiar podendo beneficiarse deste servizo dende as 7:00 ata as 9:25 horas, hora de comezo das clases escolares. Para participar neste programa as familias deberán cubrir a solicitude correspondente:

Cubrirase a **solicitude periódica** por parte do pai/nai/titor/a nos seguintes casos:

- ✚ No caso de usar este servizo **de forma habitual** durante o período escolar, debendo indicar os días e horas aproximadas de entrada ao programa (**calquera cambio** por parte das familias con respecto aos días e horas solicitados de entrada no mesmo **deberán comunicalo** ó/a monitor/a a poder ser **como mínimo un día antes (só en casos de forza maior** que non se puidera comunicar o día antes **polo menos avisar 1 hora antes** ó/a monitor/a). **As familias deberán poñerse en contacto co monitor/a para realizar estas comunicacións a través do seguinte teléfono: 603.24.02.12**
- ✚ **Presentarase unha única instancia durante o período escolar por cada neno/a que se beneficie deste servizo.**
- ✚ A presente instancia deberá presentarse no rexistro municipal **cun prazo de antelación mínimo de 2 días hábiles antes de comezar a beneficiarse deste servizo.**
- ✚ A falta de asistencia reiterada a este servizo polos días solicitados sen xustificar debidamente dará lugar á perda do servizo, producíndose a baixa no mesmo automaticamente.

Cubrirase a **solicitude puntual** por parte do pai/nai/titor/a nos seguintes casos:

- ✚ Cando non se use o servizo de forma habitual pero si se necesite usar **días esporádicos** ó longo do curso escolar, neste caso deberán comunicar ó/a monitor/a a poder ser **como mínimo o día antes (só en casos de forza maior** que non se puidera comunicar o día antes **polo menos avisar 1 hora antes** ó/a monitor/a). **As familias deberán poñerse en contacto co monitor/a para realizar estas comunicacións a través do seguinte teléfono: 603.24.02.12**
 - ✚ **Presentarase unha única instancia durante o período escolar por cada neno/a que se beneficie deste servizo**
 - ✚ A instancia deberá presentarse no rexistro municipal **cun prazo de antelación mínimo de 2 días hábiles antes de comezar a beneficiarse deste servizo.**
- **Queda totalmente prohibido levar ós nenos/as ó programa de madrugadores sen ter cuberta a solicitude correspondente ou non haber**





Concello de Castroverde

comunicado calquera cambio no horario ou nos días de entrada á mesma ó/a monitor/a correspondente.

- **É obrigatorio que os pais/nais ou titores dos nenos e nenas que se beneficien deste servizo, os acompañen sempre ata a aula onde se dá este servizo** para que así xa queden ó coidado directo do/a monitor/a. No caso de non ser así, e se deixen noutro lugar distinto á propia aula onde se realiza este programa, nin o/a monitor/a, nin o concello nin o colexio se fará responsable do que lle poida pasar a ese/s neno/a/s fora desa aula en concreto.
- **Poderase denegar este servizo, no caso de novas altas ou modificacións de horarios avisados con menos de dous ou de un día de antelación, respectivamente, sempre que con esta nova incorporación se incumpra o número máximo de alumnos/as por monitor/a e de non ser posible ese día a incorporación de outro/a monitor/a de apoio.**

Durante o servizo de “Madrugadores” o alumnado quedará totalmente a cargo do monitor/a correspondente, polo tanto será o monitor/a o/a que poñerá as normas que se levarán a cabo na aula, debendo o alumnado cumprilas en todo momento. No caso de que o alumnado incumpra as normas establecidas polo monitor/a, este/a levantará un parte de falta que lle será comunicado ao pai/nai ou titor. No caso de levar acumulados 3 partes de falta pola mesma causa o alumno/a será expulsado automaticamente do programa.

Como xa informamos, o obxectivo da organización deste programa, é o de facilitarlles ás familias a conciliación laboral coa familiar pero ante todo **pensamos no benestar e na seguridade de todos os nenos e nenas** para que estean atendidos e coidados da mellor maneira posible, por iso colaboremos entre todos para que isto sexa unha realidade!

Asdo dixitalmente.: María Pilar Ferreiro Villar
Concelleira Delegada de Cultura, Deporte
Educación e Xuventude do Concello de Castroverde

